



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (05/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e corenta e oito minutos do día doce de febreiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 6 de febreiro de 2025
2. Aprobación expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2025 (RF núm. 03XREC1SUF/2025)
3. Aprobación expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2025 (RF núm. 04XREC2SE/2025)
4. Concesión de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
5. Expediente de contratación POS+ Adicional 2A/2024. Adxudicación
6. Contratos menores
7. Recoñecemento de antigüidade a efectos de trienios

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 6 de febreiro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2025 (RF NÚM.03XREC1SUF/2025)

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre os seus informes de Secretaría e de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 003XRE1SUF/2025, que deseguido se describe na parte dispositiva, ás que se refire o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 1-2025, así como os informes de Secretaría e de Intervención que figuran nel e que, como a citada relación, constan asinados no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refiren os gastos a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refiren foron realizados de conformidade e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que os xustifica de maneira motivada en todos os casos, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facerlle fronte a obriga de pagamento, nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa e que, polo tanto, concorren razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería causar para o terceiro que actúa de boa fe, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento, aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 1-2025 e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos realizados no exercicio anterior e liquidar as cantidades a satisfacer derivadas das prestacións que se inclúen na relación de facturas que consta no devandito expediente e que se integran no anexo que se reflicte deseguido, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, gastos aos que se presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos ditos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Relación de facturas 003XRE1SUF/2025, cun importe de 49.604,98€, integrada por 576 facturas, desde a factura n.º, FE24137017771225 de data 06/09/2024, de Gas Natural S.U.R. SDG, S.A., por importe de 24,55€, ata a factura n.º V 12009, de data 31/12/2024, de Antonio Bouza Perez y Otros S.C., por importe de 199,65€

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2025 (RF NÚM.04XREC2SE/2025)

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, sobre os seus informes de Secretaría e de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico relacionado con este punto:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 004XRE2SE/2025, que deseguido se describe na parte dispositiva, ás que se refire o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 2-2025, así como os informes de Secretaría e de Intervención que figuran nel e que, como a citada relación, constan asinados no correspondente expediente electrónico, emitido este último en cumprimento do disposto polo artigo 215 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polo artigo 14.1, en relación co 12.1, do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Considerando acreditado que os servizos aos que se refiren foron realizados de conformidade e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que os xustifica de maneira motivada en todos os casos, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facerlle fronte a obriga de pagamento, nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa e que, polo tanto, concorren razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería causar para o terceiro que actúa de boa fe, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que todos os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para prestar á veciñanza os diferentes servizos de competencia municipal aos que se refiren e que, polo tanto, os xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites para consideralos como menores aos que se refire a normativa vixente de aplicación, cando é o caso.

SEGUNDO.- Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento, aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 2-2025 e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos realizados no exercicio anterior e liquidar as cantidades a satisfacer derivadas das prestacións que se inclúen na relación de facturas que consta no devandito expediente e que se integran no anexo que se reflicte deseguido, entendendo con isto levantados os reparos formulados pola Secretaría-intervención polas razóns xustificadas de interese público expostas, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, gastos aos que presto aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos ditos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Relación de facturas 004XRE2SE/2025, cun importe de 25.451,89€, integrada por 25 facturas, desde a factura n.º 01-A241081, de data 31/10/2024, de Ambigal-360 SL, por importe de 165,00 €, ata a factura n. 1 19, de data 30/12/2024, de Joaquin Suárez Caamaño, por importe de 512,00€

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4. CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais D.G., C.R.A. con DNI núm. ***1648**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 05 de febreiro de 2025, núm. 20250000000049, o informe favorable da traballadora social do día 06 de febreiro de 2025, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a expedición dunha Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais D.G., C.R.A. válida ata o 11/02/2035, e co núm. 15050-091-25

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POS+ ADICIONAL 2A/2024. ADXUDICACIÓN

O Sr. Alcalde en funcións informa sobre as empresas presentadas á licitación, con indicación das que incorreron en baixa desproporcionada ou anormal, das que a xustificaron, das que non se considerou xustificada e sobre a que se propón para a adxudicación de conformidade co acordado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

pola mesa de contratación.

A proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico, transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Expediente de contratación 2024/C003/000004, da obra contida no proxecto nomeado, Proxecto de mellora capa de rodadura de camiños das parroquias de Queixeiro, Vilachá, Taboada e Santa Xiá. Adxudicación

Logo de ver o expediente de contratación 2024/C003/000004, da obra contida no proxecto nomeado, Proxecto de mellora capa de rodadura de camiños das parroquias de Queixeiro, Vilachá, Taboada e Santa Xiá, cun **orzamento** total de **354.411,86€**, financiada pola Deputación Provincial a través do Plan **POS+ adicional 2a/2024**, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do Prego, xa lle deu cumprimento, constituíu as garantías, complementaria e definitiva e presentou as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.
2. **Adxudicarlle** o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, Proxecto de mellora capa de rodadura de camiños das parroquias de Queixeiro, Vilachá, Taboada e Santa Xiá, á empresa, **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L.**, no **prezo** total de **320.919,83€**, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.
3. Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 2025.0.453.2444.61100.
4. Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto.
5. Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
6. Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

7. Requirir á empresa adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación.
8. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).
9. Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.
10. As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada polo Concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP (CYE Control y Estudios, S.L.)

Anexo

Empresa licitadora	Oferta Económica (sen Ive)
CNES LEONARDO MIGUELEZ, SL	265223,00
CNES PONCIANO NIETO, SL	266863,35
CNES. J MAURI E HIJOS,SL	268620,76
EXCAVACIONES SANTIÑOS,SL	269177,00
SONDEOS PORZUNA SL	269792,36
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS SA	272000,00
HORDESCON SL	282592,20
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	282943,68
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	284291,03
OVISA PAV. Y OBRAS SLU	292800,00
EULOGIO VIÑAL.OBRAS Y Cnes..SA	Excluída
CNES OBRAS TABOADA Y RAMOS SL	Excluída
LANCER PROYECTO S Y OBRAS SA	Excluída

O Alcalde en funcións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6. CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación á que se refire, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico, e se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Número expediente:	2025/C002/000003
Tipo:	SERVIZOS
Obxecto:	ACTIVIDADE DEPORTIVA NA NEVE 2025 (segundo memoria que consta no expediente)
Código CPV:	92620000-3 Servizos relacionados cos deportes
Orzamento base licitación:	11.860,00 €
Prazo execución:	3,4,5 de marzo de 2025
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte e ocupación do tempo libre (art. 25.2.I) da Lei 7/1985)
Financiamento:	Fondos municipais

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as subministracións comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente, así como a urxencia de contratar o servizo coa rapidez necesaria para a realización da actividade nas datas programadas, que tamén xustifica a solicitude dunha única oferta, ademais de non coñecer outra empresa capacitada para a execución do obxecto do contrato coa premura que interesa, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, proceder a súa retención polos servizos de contabilidade e solicitar oferta á empresa, DEPORTES Y FORMACIÓN ARROPAJE 3, S.L., única que se coñece capacitada para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 3 días hábiles, presente a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolle saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo.”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7. RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜIDADE A EFECTOS DE TRIENIOS

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido e que, como a documentación indicada e o resto da do expediente electrónico, consta asinada dixitalmente nel:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de recoñecemento de períodos de antigüidade a efectos de trienios por servizos prestados na Administración Pública, da/o empregada/o pública/o que responde ás iniciais A.R.R., rexistrada de entrada neste Concello o día 22 de xaneiro de 2025, co número 202599900000021, informes e resto da documentación complementaria que consta no expediente 2025/E005/000005.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Recoñecerlle á persoa empregada pública do Concello que responde ás iniciais A.R.R., a efectos de trienios, os servizos previos prestados no Concello de Guitiriz, entre o 01/09/2021 e o 01/09/2024, de acordo co informe do Negociado de Emprego que consta no expediente.
- 2.- Recoñecerlle, en consecuencia, o seu dereito ao primeiro trienio como funcionario interino do grupo AP con efectos desde o día 1 de setembro de 2024.
- 3.- Que se practique a correspondente liquidación de atrasos
- 4.- Notificarlle este acordo á persoa interesada.

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e once minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)